

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A
CONTRATACIÓN A TRAMITAR MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SUXEITO
A REGULACIÓN HARMONIZADA TRAMITACIÓN URGENTE DO SERVIZO DE
“XESTIÓN E DOCENCIA DO CONSERVATORIO ELEMENTAL E ESCOLA DE
MÚSICA”**

1. Obxecto do contrato.

O contrato terá por obxecto a execución do servizo de “XESTIÓN E DOCENCIA DO CONSERVATORIO ELEMENTAL E ESCOLA DE MÚSICA”.

A codificación CPV é: 80000000-4 “Servizos de ensinanza e formación”.

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto forma parte integrante deste prego, tendo carácter contractual.

O obxecto do contrato é a realización de servizos de referencia de acordo co réxime de dereitos e obrigas determinadas no presente prego de cláusulas administrativas e documentación técnica que se adxunta.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 17 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público pola que se traspoñen ao Ordenamento Xurídico Español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014.

2. Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato.

Mediante a execución do contrato ao que se refire este prego de cláusulas administrativas particulares satisfácese a necesidade de promoción das ensinanzas de música que entronca coa existencia dunha longa tradición histórica de agrupacións e institucións neste Concello de acordo coa Memoria asinada polo concelleiro de ensino de 27.02.2019, o que se considera de interese público.

3. Valor estimado e presuposto de licitación.

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 790.856,71 € euros (exento de IVE) que inclúe os catro anos obxecto do servizo.

Considerarase que a prestación non está suxeita a IVE cando se produza o disposto no artigo 20.1.9 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, de IVE.

Establécese un prezo anual de 197.714,18 €, correspondente aos 10 meses de prestación do servizo por cada curso lectivo.

Este valor fíxose de conformidade co disposto no artigo 101 da LCSP, incluíndo os custos salariais estimados de conformidade coa documentación sobre o persoal a subrogar achegada pola empresa que actualmente desenvolve o servizo e os datos aportados pola mesma sobre a actualización dos salarios de acordo cos convenios laborais que resultan de aplicación, incrementado nunha cantidade alzada para atender aos gastos xerais (5.000,00 €) e unha porcentaxe (6%) sobre o total para atender o beneficio industrial do contratista.



Cod. Validación: 6JPZXRFFZYNE6WDXZ5GLZB6JPSF | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 32



Cod. Validación: 4NXM2HFHNWZDFCMCSEPA4JPNC | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 32

4. Aplicación orzamentaria.

O contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 3260/22799.

5. Réxime xurídico do contrato e documentos que teñen carácter contractual.

Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das corporacións locais, o contrato rexerese pola Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao Ordenamento Xurídico Español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), polo Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RD 817/2009); polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RGLCAP), en todo o que non se opoña á anterior e Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de obras do Estado, aprobado por Decreto 3854/1970, do 31 de decembro, no non previsto no primeiro.

A normativa sectorial de aplicación é, entre outras, a seguinte:

-Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación.

-Orde de 11 de marzo de 1993, da Consellería de Educación e O.U., pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Circular 12/2006, de 14 de xullo, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, polo que se establecen as titulacións que deberá posuír o profesorado que imparta docencia nas Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Circular 6/2012 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se determinan as titulacións mínimas esixibles para a impartición das ensinanzas regradas de música nos conservatorios non dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e nos centros autorizados de 6 de xullo de 2012.

6. Prazo de execución e prórrogas.

A duración do contrato será de catro anos sen posibilidade de prórroga.

O prazo de duración do presente contrato será de catro anos, sen posibilidade de prórroga, abrangendo catro cursos académicos a contar dende o curso 2019/2020 e rematando co curso 2022/2023, coincidentes no seu inicio e fin co calendario escolar publicado pola Consellería de Cultura, Educación e O.U.

O calendario das actividades lectivas tanto no Conservatorio Elemental como na Escola Municipal de Música será o que se publique para cada curso académico por Orde da Consellería de Cultura, Educación e O.U.

Cando ao vencemento do contrato non se houbera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista, como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo



Cod. Validación: 6JPZXRFFZYNE6WDXZ5GLZD6JPSF | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 32



Cod. Validación: 4NXM2HFHNWZDFCMCSEPA4JPNC | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 32

contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se haxa publicado cunha antelación mínima de tres meses, respecto da data de finalización do contrato orixinario.

Neste caso, en atención á natureza imprevisible desta prórroga, cuxa aplicación non deriva da vontade do órgano de contratación, a mesma non se tomará en consideración a efectos de fixar o valor estimado, nin será de aplicación a obrigaçión de previo aviso anteriormente referida.

7.Procedemento de adxudicación.

De conformidade co disposto no artigo 159.1.b) e 119 da LCSP, o contrato adxudicarase por procedemento aberto e mediante tramitación urxente e atendendo a unha pluralidade de criterios de adxudicación.

De acordo co disposto no artigo 22.1.c) da LCSP a contratación está suxeita a regulación harmonizada.

8.Aptitude para contratar.

Poderán optar á adxudicación do presente contrato as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en unión temporal de empresarios, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas nalgunha prohibición de contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigaçións dimanantes do mesmo. Igualmente, nos supostos de escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade á que se atribúa o contrato, que quedará subrogada nos dereitos e obrigaçións dimanantes do mesmo, sempre que reúna as condicións de capacidade, ausencia de prohibición de contratar, e a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación ou que as diversas sociedades beneficiarias das mencionadas operacións e, en caso de subsistir, a sociedade da que proveña o patrimonio, empresas ou ramas segregadas, se responsabilicen solidariamente con aquelas da execución do contrato.

Se non puidese producirse a subrogación por non reunir a entidade á que se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias resolverase o contrato, considerándose para todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.

Para os efectos anteriores a empresa deberá comunicar ao órgano de contratación a circunstancia que se produciu.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

Os contratistas deberán contar así mesmo coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato



Cod. Validación: 6JPZXRFFZYNE6WDXZ5GLZD6JPSF | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 32



Cod. Validación: 4NXM2HFHNWZDFCMCSEPA4JPNC | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 32

En relación coas empresas comunitarias ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e empresas non comunitarias será de aplicación o disposto nos artigos 67 e 68 LCSP.

9. Perfil do Contratante .

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil do Contratante que se aloxa na Plataforma Autonómica de Contratos de Galicia ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.contratosdegalicia.gal.

10. Clasificación esixible.

Non é preciso a clasificación do contratista.

11. Garantías esixibles.

Provisional: Non se esixe.

Definitiva: O licitador que presente a mellor oferta deberá constituír a disposición do órgano de contratación unha garantía definitiva.

A súa contía, será igual ao 5% do importe do prezo final ofertado polo licitador, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, ou, no seu caso, do orzamento base de licitación.

En todo caso, a garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 110 LCSP.

Dentro de devanditos conceptos inclúese o incumprimento por parte do contratista da obrigaón de indemnizar os danos e prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato, prevista no artigo 196 LCSP .

A garantía definitiva constituirase de conformidade co preceptuado no Capítulo I do Título IV do Libro I da LCSP e en calquera das formas que se establecen no artigo 108.1 LCSP:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento da LCSP. O efectivo e os Certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes da Comunidade Autónoma de Galicia ou das Entidades locais contratantes diante das que deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos Bancos, Caixas de Aforros, Cooperativas de Crédito, establecementos financeiros de crédito e Sociedades de Garantía Recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante Contrato de Seguro de Caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.



Cod. Validación: 6JPZXRFXYN6WDZ5GLZD6JPSF | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 32



Cod. Validación: 4NXM2HFHNWZDFCMCSEPA4JPNC | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 32

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o Contrato.

Esta garantía responderá polos conceptos incluídos no artigo 110 da LCSP.

12.Responsable do contrato.

Ao responsable do contrato que designe o órgano de contratación correspóndelle, de acordo co disposto no artigo 62.1 LCSP, supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación lle atribúa.

Ademais, son funcións do responsable do contrato:

- a) Interpretar o Prego de Prescricións Técnicas e demais condicións técnicas establecidas no contrato ou en disposicións oficiais.
- b) Esixir a existencia dos medios e organización necesarios para a prestación dos servizos en cada unha das súas fases.
- c) Dar as ordes oportunas para lograr os obxectivos do contrato.
- d) Proponer as modificacións que conveña introducir para o bo desenvolvemento dos servizos.
- e) Expedir, no seu caso, as certificacións parciais correspondentes aos servizos realizados segundo os prazos de execución e abono que se haxan acordado.
- f) Tramitar cantas incidencias xurdan durante o desenvolvemento dos servizos.
- g) Convocar cantas reunións estime pertinentes para o bo desenvolvemento dos servizos e a súa supervisión, á que estará obrigada a asistir a representación da empresa adxudicataria, asistida daqueles facultativos, técnicos, letrados ou especialistas da mesma que teñan algunha intervención na execución do servizo.

13.Unidade encargada do seguimento e execución do contrato

De conformidade co artigo 62 LCSP, a unidade encargada do seguimento e execución ordinaria deste contrato será a consellería que teña atribuídas as funcións en materia de cultura.

14.Criterios para a adxudicación do contrato

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios de adxudicación sendo a puntuación máxima de 8 puntos e de acordo ao disposto a continuación:

14.1. Criterios avaliados mediante xuízo de valor:

Proxecto de xestión:

O Proxecto de Xestión, terá unha puntuación máxima de 3 puntos, e incluirá cando menos os seguintes apartados que se avaliarán por separado e tal e como se indica.

- a) Proposta de funcionamento interno do centro, no que se valorarán os criterios de eficacia, eficiencia, transparencia, equidade, igualdade de xénero, seguridade e conciliación da vida



Cod. Validación: 6JPZXRZYNE6WDXZ5GLZD6JPSF | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 32



Cod. Validación: 4NXM2HFHNWZDFCMCSEPA4JPNC | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 32

escolar e familiar. Farase referencia ás medidas de seguridade e saúde no traballo e plan de protección de datos. Ata 1 punto.

b) Proposta de Plan de Actividades de Promoción e Difusión das Ensinanzas. Ata 1 punto.

c) Plan de dinamización e colaboración con outras entidades públicas e privadas prioritariamente do Concello. Ata 1 punto.

Máximo de valoración do proxecto de xestión: 3.00 puntos.

14.2. Criterios avaliados mediante fórmulas:

A) Prezo:

Con respecto á oferta económica aplicarase un valor de 1.00 punto respectivamente á mellor das ofertas presentadas, obténdose as demais por comparación proporcional coa mellor, polo procedemento de regra de tres.

B) Idoneidade do equipo responsable da execución do contrato:

A idoneidade do equipo técnico encargado da execución do contrato puntuarase ata 2,00 puntos de acordo cos seguintes criterios:

- Valorarase que a persoa proposta como Director/a (non Xefe/a de Estudos) teña experiencia neste cargo. Será requisito para o cargo de director/a estar en posesión do Título Superior de Música en calquera das especialidades reconecidas pola lexislación.

- Por cada ano académico (setembro a xuño) como director/a en conservatorio elemental de música de titularidade pública: 0.25 pts./ano e 0,025 pts./mes.

A estes efectos a persoa proposta como Director/a deberá **identificarse con nome e apelidos acompañando a titulación que se posúa, presentando para tal fin o *curriculum vitae* con copia da súa titulación e acreditación da súa experiencia.**

A acreditación da experiencia xustificarse coa presentación de certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este completado cos correspondentes contratos de traballo e vidas laborais ou por calquera medio válido en dereito considerado suficiente polo órgano de contratación.

C) Melloras:

Proposta de aportación do material que se detalla no Anexo I que será incorporado ao patrimonio da entidade local.

15. Presentación de ofertas.

De conformidade co establecido na disposición adicional décimo quinta da LCSP, a presentación de ofertas e solicitudes de participación levarase a cabo utilizando exclusivamente medios electrónicos.



Cod. Validación: 6JPZXRZYNEWDZ5GLZD6JPSF | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 32



Cod. Validación: 4NXM2HFHNWZDFCMCSEPA4JPNC | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 32

O prazo de presentación de proposicións é de 20 días contados dende a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea. A hora de finalización da presentación de ofertas serán as 14:00 horas.

O sistema de licitación electrónica garante que as ofertas enviadas polos licitadores sexan emitidas e rexistradas de forma que sexa imposible coñecer o seu contido salvo no momento e polo persoal autorizado para elo. A tal efecto, as ofertas son remitidas á unidade que tramita o expediente, cifradas e fragmentadas.

No Perfil do Contratante do Concello de Cambados (www.contratosdegalicia.gal) ofreceuse información relativa á convocatoria da licitación do contrato, incluíndo os pregos de cláusulas administrativas particulares e documentación complementaria, no seu caso.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros empresarios se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

A presentación de proposicións supón a aceptación incondicional polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións previstas nos pregos que rexen o contrato, sen condición ou reserva algunha.

Forma en que deben presentarse as ofertas:

As ofertas presentaranse en **tres sobres (arquivos electrónicos) pechados coa seguinte lenda e documentación:**

A) SOBRE “A”: DEUC.

1.As empresas licitadoras acreditarán o cumprimento dos requisitos previos de acceso mediante a presentación dunha declaración responsable que siga o formulario normalizado do Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) establecido polo Regulamento (UE) núm. 2016/7.

2.A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, mediante Resolución de 6 de abril de 2016, publicada no BOE núm. 85, de 8 de abril do 2016, establece unhas orientacións para o cumprimento do formulario normalizado DEUC, que poderán consultarse polos operadores económicos ou licitadores.

3.Poderán cumprimentar o DEUC na seguinte páxina:
<https://ec.europa.eu/growth/toolsdatabases/esp/filter/lang.es>.

Entrando como Operador Económico, en « Examinar » cargarán o arquivo XML e procederán a completar os datos que se lles require, imprimir, asinar e incorporar o documento ao presente sobre.

Non obstante, o licitador en cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez da documentación expresada na cláusula 17.



Cod. Validación: 6JPZXRFFZYNE6WDZ5GLZD6JPSF | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 32



Cod. Validación: 4NXM2HFHNWZDFCMCSEPA4JPNC | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 32

B) SOBRE “B”: PROPOSICIÓN DE CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA RELATIVA AO SERVIZO DE “XESTIÓN E DOCENCIA DO CONSERVATORIO ELEMENTAL E ESCOLA DE MÚSICA”.

Conterá:

A) A oferta económica na que se expresará o prezo de execución do contrato, debendo figurar como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido.

A oferta económica presentárase conforme ao modelo que se incorpora como Anexo I do presente prego e determinará a baixa ofertada sobre o valor estimado do contrato.

B) A proposta de Director/a de acordo co Anexo I do presente prego e a acreditación da súa experiencia.

C) Melloras

Proposta de aportación do material que se detalla no Anexo I que será incorporado ao patrimonio da entidade local.

C) SOBRE “C”: PROPOSICIÓN DE CRITERIOS DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR RELATIVA AO SERVIZO DE “XESTIÓN E DOCENCIA DO CONSERVATORIO ELEMENTAL E ESCOLA DE MÚSICA”.

Deberá aportarse un “Proxecto de Xestión” no que se expoñan as liñas directrices que se pretendan desenvolver para a prestación do servizo.

O proxecto poderá ser un en conxunto ou poderán ser dous, por separado para cada unha das institucións educativas obxecto do presente proceso.

En calquera caso, deberán incluírse cando menos os documentos normativos obrigatorios para o funcionamento do Conservatorio Elemental: Proxecto Educativo do Centro (PEC), Regulamento de Réxime Interno (RRI) e Programacións Docentes nas materias do grao elemental.

As Programacións Docentes non poderán ser substituídas pola referencia á normativa básica curricular (Decretos 198 e 203 de 2007).

Deberán incluírse, necesariamente, as actividades de dinamización musical propostas para o Concello.

Terá unha extensión máxima de 15 páxinas (A4, tipo Arial 12, marxes de 2,5 cms. polos catro lados, interlineado 1,5).

O órgano de contratación proporcionará a todos os interesados no procedemento de licitación, a mais tardar 4 días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, aquela información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria que estes soliciten, a condición de que a houbesen pedido a lo menos 12 días antes do transcurso do prazo de presentación de proposicións ou das solicitudes de participación.

16. Acto de apertura.



Cod. Validación: 6JPZXRFFZYNE6WDXZ5GLZD6JPSF | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 32



Cod. Validación: 4NXM2HFHNWZDFCMCSEPA4JPNC | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 32

A mesa de contratación cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma, constituíndose formalmente para este acto e procedendo a abrir os Sobre “A” de Documentación Administrativa e “C” de criterios dependentes dun xuízo de valor.

A presentación de proposicións a través do sistema SILEX garante que as mesmas son remitidas cifradas e fragmentadas. O cifrado das ofertas realizarase contra as claves públicas dos membros da mesa de contratación. Para a súa recomposición e descifrado será preciso a participación, no acto de apertura, do quórum de membros da mesa cos seus correspondentes certificados de sinatura electrónica recoñecida.

Se a mesa observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicarao verbalmente aos interesados.

Sen prexuízo do anterior, as circunstancias apuntadas faranse públicas a través do Perfil de Contratante, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles desde o seguinte á súa publicación, para que os licitadores os corrixan ou subsanen.

Neste acto só se abrirá o sobre de documentación administrativa e o sobre correspondente aos criterios non dependentes dun xuízo de valor entregándose ao órgano encargado da súa avaliación a documentación contida no mesmo; así mesmo, deixarase constancia documental de todo o actuado.

Posteriormente, e unha vez determinada a puntuación dos criterios dependentes dun xuízo de valor, reunirase novamente a Mesa de Contratación en acto público procedendo a abrir a documentación correspondente a criterios avaliados automaticamente.

A Mesa de Contratación realizará proposta de adxudicación ao órgano de contratación da oferta mais vantaxosa non incurso en temeridade.

No caso de que se produza un empate resolverase en favor daquela oferta que dea lugar a unha maior puntuación no proxecto de xestión e, de persistir, o que presente unha maior puntuación por idoneidade de equipo, unha mellor proposta de melloras ou unha maior baixa económica, por ese orde.

17.Adxudicación.

Unha vez aceptada a proposta da Mesa polo órgano de contratación, os servizos correspondentes requirirán ao licitador que presentase a mellor oferta, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a seguinte documentación:

Garantía Definitiva: 5% do importe do prezo final ofertado polo licitador, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

17.1.Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, descritos e numerados correlativamente.

17.2.A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:



Cod. Validación: 6JPZXRFFZYNE6WDZ5GLZD6JPSF | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 32



Cod. Validación: 4NXM2HFHNWZDFCMCSEPA4JPNC | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 32

a)Do empresario individual: Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa.

b)Das persoas xurídicas: Mediante escrito ou documentos de Constitución, Estatutos Sociais ou Acto Fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica da que se trate.

c)A capacidade de obrar os empresarios non españois que sexan nacionais dos Estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha Declaración Xurada ou dun Certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

d)Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

e)No caso de persoas xurídicas, españolas, comunitarias ou estranxeiras, relación de socios ou partícipes na mesma, con fotocopia do DNI, documento de identificación, pasaporte ou documentos que o substitúa, e relación de administradores, solidarios, mancomunados ou individuais de tal persoa xurídica.

17.3.Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou Persoa Xurídica, deberá acompañar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar.

Os poderes deberán ser bastanteados previamente polo Secretario da Corporación ou funcionario habilitado para tal función.

17.4.Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 71 (DA 4ª DT 10ª) da LCSP:

17.5.Solvencia económica e financeira:

Solvencia Financeira: Deberá acreditarse un volume anual de negocios superior a unha anualidade obxecto do contrato.

17.6.Solvencia técnica ou profesional:

Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia técnica ou profesional do xeito seguinte:

17.6.1.Acreditación da experiencia:

a)Acreditar experiencia de cando menos un curso académico como adxudicatario dun servizo público similar: Escola e/ou Conservatorio Elemental de música. A acreditación farase mediante



Cod. Validación: 6JPZXRFFZYNE6WDX5GLZB6JPSF | Corrección: <http://cambarados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 32



Cod. Validación: 4NXM2HFHNWZDFCMCSEPA4JPNC | Corrección: <http://cambarados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 32

copia do contrato en virtude do que se obtivo o servizo e no seu caso, certificación do servizo expedido pola parte adxudicadora.

b)Acreditar por parte da persoa que se propón como director/a, unha experiencia de cando menos tres cursos académicos como director/a ou xefe/a de estudos dun Conservatorio Elemental de Música.

Será preciso o cumprimento de ámbalas dúas condicións, 'a' e 'b'.

17.6.2.Declaración xurada do empresario de que proverá os Recursos Humanos determinados nos pregos.

17.6.3.Declaración xurada do empresario de que proverá o material adscrito ao servizo determinado nos pregos.

17.7.Certificación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.

Certificación ou documento acreditativo de que o contratista se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.

Os licitadores poderán presentar unha Declaración Responsable na que fagan constar que a empresa se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social, sen prexuízo de que durante o prazo de presentación soliciten coa maior urxencia a correspondente Certificación da Administración Tributaria e da Seguridade Social vixentes, e que deberán ser presentados de xeito inescusable antes da adxudicación do Contrato obxecto do presente Prego de Cláusulas.

17.8.Unións Temporais de Empresas (UTE).

Indicación dos nomes e circunstancias dos integrantes ou empresas que a constitúan, participación de cada unha de elas e compromiso de constituírse formalmente como UTE, no caso de resultar adxudicatario, de conformidade co disposto no artigo 69 da LCSP. Tamén deberán designar a un representante ou apoderado único da UTE ou dos seus futuros integrantes con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que se deriven do Contrato ata a extinción do mesmo.

17.9.Declaración de empresas vencelladas.

No caso de que a empresa conorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo empresarial, nos termos aos que se refire o artigo 139 LCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vencelladas que conorran á licitación.

17.10.Autorización para a cesión de información relativa ás obrigas tributarias e da Seguridade Social en procedementos de Contratación Pública.

Tal Declaración Empresarial axustarase ao seguinte modelo:



Cod. Validación: 6JPZXRZYNE6WDZ5GLZD6JPSF | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 32



Cod. Validación: 4NXM2HFHNWZDFCMCSEPA4JPNC | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 32

D/D^a _____, maior de idade, con D.N.I. (ou documento identificativo que o substitúa) nº _____, con domicilio en _____, provincia de _____, e enderezo en _____, en nome propio ou da sociedade _____, con C.I.F. _____, e domicilio en _____, provincia de _____, e enderezo en _____.

Título: (D.N.I., documento de constitución de persoa xurídica, documento acreditativo da representación que se alega)

No procedemento de adxudicación do contrato de execución do Servizo de Xestión e Docencia do Conservatorio Elemental e Escola Municipal de Música de Cambados.

Autoriza ao CONCELLO DE CAMBADOS a solicitar a cesión de información por medios informáticos ou telemáticos sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e diante da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, Lei do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e a Lei do Imposto de Sociedade e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, e sempre que o Órgano de Contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e sinatura do proponente).

17.11. Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas.

Os licitadores poderán indicar o Rexistro no que estean inscritos acompañando a correspondente Certificación onde se recollan os puntos a que se refire o artigo 338 da LCSP, e en tal caso estarán dispensados de presentar a xustificación dos datos que xa figuren inscritos no referido Rexistro, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

A Certificación deberá acompañarse dunha Declaración Responsable do licitador na que manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación. Esta manifestación deberá reiterarse, no caso de resultar adxudicatario no documento no que se formalice o contrato, segundo o artigo 140 LCSP.

Notificada a adxudicación do contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se interpuxeran, a documentación que acompaña ás proposicións quedará a disposición dos interesados. Se estes non retiran a súa documentación nos tres meses seguintes á data en que se lles notifique a adxudicación, a Administración non estará obrigada a seguila custodiando.

A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no Perfil do Contratante no prazo de 15 días.

A notificación e a publicidade á que se refire o apartado anterior deberán conter a información necesaria que permita aos interesados no procedemento de adxudicación interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación, e entre ela en todo caso deberá figurar a seguinte:



Cod. Validación: 6JPZXRFRZYNE6WDXZ5GLZD6JPSF | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 32



Cod. Validación: 4NXM2HFHNWZDFCMCSEPA4JPNCL | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 32

a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.

b) Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, os motivos polos que non se admitiu a súa oferta, incluídos, os motivos da decisión de non equivalencia ou da decisión de que as obras, as subministracións ou os servizos non se axustan aos requisitos de rendemento ou ás esixencias funcionais; e unha desagregación das valoracións asignadas aos distintos licitadores, incluíndo ao adxudicatario.

c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste, con preferencia respecto das que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

Na notificación indícarase o prazo en que debe procederse á formalización do contrato que deberá realizarse non máis tarde dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

18. Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados.

Cando se identifique que unha proposición que poida ser considerada desproporcionada o anormal, deberá darse audiencia nun prazo de 5 días hábiles ao licitador que a presentase para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto ás disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente.

Consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

Prezo:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.

2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.

3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas



Cod. Validación: 6JPZXRfZYNe6WDx5GLZD6JPSF | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 32



Cod. Validación: 4NXM2HFHNWZDFCMCSEPA4JPNC | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 32

que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

19.Revisión de prezos.

Atendendo á natureza do servizo e á duración do contrato, a adxudicataria poderá solicitar do Concello a revisión de prezos á alza no cuarto ano da prestación servizo.

A solicitude considerase á vista da documentación achegada pola concesionaria relativa á alza dos custes salariais dos empregados no servizo, en virtude de actualización do convenio colectivo de aplicación. O concello poderá admitir e aprobar unha modificación á alza no canon pactado, unicamente en razón da porcentaxe na que se deban mellorar os salarios do persoal que presta servizos no centro, na proporción dos incrementos de salarios contemplados en virtude da actualización dos convenios colectivos de aplicación, e aos efectos de manter a viabilidade da prestación do servizo, sen detrimento das condicións laborais que veñan desfrutando os traballadores e as traballadoras.

20.Efectos da proposta de adxudicación. Decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato e desistencia do procedemento de adxudicación pola Administración.

A proposta de adxudicación do contrato non crea dereito algún en favor do licitador proposto, que non os adquirirá, fronte á Administración, mentres non se formalice o contrato.

De conformidade co disposto no artigo 152 LCSP a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato ou a desistencia do procedemento poderán acordarse polo órgano de contratación antes da formalización.

Só poderá adoptarse a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. A desistencia do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa.

21.Formalización.

O contrato perfeccionarase coa súa formalización.

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axustará con exactitude ás condicións da licitación e ademais poderá formalizarse en escritura pública se así o solicita o contratista, correndo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento. Neste caso, o contratista deberá entregar á Administración unha copia lexitimada e unha simple do citado documento no prazo máximo dun mes desde a súa formalización.

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores na forma prevista no artigo 151 LCSP.



Cod. Validación: 6JPZXRZYNE6WDXZ5GLZD6JPSF | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 32



Cod. Validación: 4NXM2HFHNWZDFCMCSEPA4JPNC | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 32

De conformidade co establecido no artigo 153.4 LCSP cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizou o contrato dentro do prazo indicado esixíraselle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade , que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíu , sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 LCSP.

22. Abonos ao contratista

O pago do servizo efectuarase con periodicidade mensual e previa presentación da factura ante un rexistro administrativo no prazo de 10 días desde a realización da prestación no período de que se trate.

A factura deberá presentarse en formato electrónico nos supostos que fixa a Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso á Factura Electrónica e Creación do Rexistro Contable de Facturas do Sector Público, nestes casos a presentación da factura no Punto Xeral de Acceso “FACE–Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas” equivale á presentación nun rexistro administrativo.

De acordo co establecido no artigo 198 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración terá obrigación de abonar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, e se se demorase, deberá abonar ao contratista, a partir do cumprimento de devandito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos en a Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Para que haxa lugar ao comezo do cómputo de prazo para o decheño de intereses, o contratista deberá cumprir a obrigación de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa vixente sobre factura electrónica, en tempo e forma.

23. Obrigacións, gastos e impostos esixibles ao contratista.

O contrato executarase con suxeición ás cláusulas do mesmo e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista a Administración.

Son de conta do contratista os gastos e impostos, os de formalización do contrato no suposto de elevación a escritura pública, así como de cantas licencias, autorizacións e permisos procedan en orde á execución do contrato. Así mesmo, virá obrigado a satisfacer todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento do contrato, como son os xenerais, financeiros, de seguros, transportes e desprazamentos, materiais, instalacións, honorarios do persoal ao seu cargo, de comprobación e ensaio, taxas e toda clase de tributos, o IVE e calquera outros que puidesen derivarse da execución do contrato durante a vixencia do mesmo.

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación, entenderanse comprendidos, para todos os efectos, os tributos de calquera índole que graven os diversos conceptos.

No obstante, en todo caso, na oferta económica, indicárase como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).



Cod. Validación: 6JPZXRZYNE6WDXZ5GLZD6JPSF | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 32



Cod. Validación: 4NXM2HFHNWZDFCMCSEPA4JPNC | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 32

24.Obrigacións laborais, sociais e de transparencia.

O contratista está obrigado ao cumprimento da normativa vixente en materia laboral e de seguridade social. Así mesmo, está obrigado ao cumprimento do Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, da Lei 31/1995, de 8 de novembro, sobre Prevención de Riscos Laborais, e do Regulamento dos Servizos de Prevención, aprobado por Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, así como das normas que se promulguen durante a execución do contrato.

A empresa contratista está obrigada a cumprir durante todo o período de execución do contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación, si ben en todo caso, o adxudicatario estará obrigado a cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ao Convenio Colectivo sectorial de aplicación.

A relación do organismo ou organismos onde os licitadores poderán obter información sobre a fiscalidade, á protección do medio ambiente, e ás disposicións vixentes en materia de protección do emprego, igualdade de xénero, condicións de traballo e prevención de riscos laborais e inserción sociolaboral das persoas con discapacidade, e á obrigaón de contratar a un número ou porcentaxe específico de persoas con discapacidade que serán aplicables aos servizos prestados durante a execución do contrato.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, o adxudicatario do contrato está obrigado a subministrar á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigaóns previstas na citada norma así como naquelas normas que se diten no ámbito municipal.

